



Instrución: 10/2006

Data: 2/11/2006

**Asunto:** Uso do Código Numérico Persoal (CNP).

**Orixe:** Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde.

**Ámbito:** Centros e estruturas de atención primaria e atención especializada; centros concertados co Sergas e Direccións Provinciais Servizo Galego de Saúde.

A incorporación de melloras nos sistemas de organización e xestión a través dos avances que nos ofrecen as tecnoloxías da información, levan a unha mellora de calidade nos servizos sanitarios.

Neste sentido é precisa a normalización dos procedementos e a información a tratar, sendo un dos principais axentes o profesional sanitario. Para elo, o Decreto 70/2004, do 25 de marzo, establece o código numérico persoal (CNP) como identificación individualizada dos profesionais que interveñen nos procedementos normalizados da prestación e xestión dos servizos sanitarios. Para os efectos da norma regulamentaria citada, o código está constituído por 6 díxitos, e é único para cada profesional ao longo da súa relación co sistema sanitario público galego, e non reasignable.

A través desta instrución preténdese establecer un criterio único e homoxéneo de identificación para os profesionais sanitarios que interveñen nos procedementos de prestación e xestión de servizos no ámbito público sanitario, polo que procede ditar as seguintes

## INSTRUCCIÓNS

### **PRIMEIRA.- Obxecto:**

As presentes instrucións teñen por obxecto facer efectiva a utilización do Código Numérico Persoal (CNP) como único código de identificación persoal obrigatorio nos documentos físicos e electrónicos do Sergas nos que sexa precisa a identificación dos profesionais, como é o caso da receita médica oficial, así coma na súa relación coa Administración Sanitaria Galega, de conformidade co previsto no artigo 1 do Decreto 70/2004, do 25 de marzo, que estableceu o código numérico persoal (CNP) como identificación individualizada dos profesionais que interveñen nos procedementos normalizados da prestación e xestión dos servizos sanitarios.

### **SEGUNDA.-**

De acordo co disposto no artigo 3 do Decreto 70/2004, do 25 de marzo, o CNP incorporárase e farase constar en tódolos documentos a que se refire a instrución primeira, dentro do ámbito da rede do Sergas.

INSTRUCCIÓN 10/06



**TERCEIRA.-**

O CNP non exixe da incorporación dos datos de identificación de nome, apelidos, sinatura e rúbrica do facultativo, que estean establecidos como de consignación obrigatoria nas normas específicas, como é o caso da receita médica oficial.

Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2006.  
**O SECRETARIO XERAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**



**Asdo.- Cayetano Rodríguez Escudero.**

INSTRUCCIÓN 10/06